

TABÚ

COLECTIVO GLOVO
en co-producción co Centro Coreográfico Galego





Semellar sen imitar, figurar sen esquecer.

*Escenario carnavalesco de vida,
peso do parecer e implacable xuízo de aspectos.*

TABÚ é un **quinteto de danza contemporánea de 60 minutos** que deseña cinco personaxes femininos con distintas personalidades nun cadro de carnaval.

Trátase dunha peza cunha forte presenza do rural galego dos anos 20, onde cinco bailaríns interpretan a cinco mulleres amosando o seu **TABÚ** nunha dinámica proposta para **todos os públicos**.


Espectáculo seleccionado para a Feira Galicia Escena PROL 2022

Espectáculo seleccionado para MADferia 2023

Espectáculo seleccionado para o catálogo PLATEA. Edición 2023-2024

Espectáculo seleccionado para o catálogo do Circuito de Danza de Euskadi 2024

Espectáculo seleccionado para o programa A Cultura a Escena 2024 Cantabria



¿Que muller eras ti?

¿Que muller es ti?

A apariencia como posibilidade de futuro.



"Maravillosa y depurada, con movimientos vinculados con el ecosistema cultural gallego"

AFONSO BECERRA, Artezblai

"Una delicia para los sentidos y una carga de energía"

CARLOS CASTRO, 21 Noticias



DIRECCIÓN E COREOGRAFÍA COLECTIVO GLOVO INTERPRETACIÓN ESTHER LATORRE, HUGO PEREIRA,

FRAN MARTÍNEZ, SYBILA GUTIÉRREZ, CLARA FERRÃO/PAULA QUINTAS MÚSICA BABYKATZE DESEÑO

DE ILUMINACIÓN PEDRO FRESNEDA TÉCNICO EN XIRA JAUME BLAI VÍDEO DANI RODRÍGUEZ

FOTOGRAFÍA CARLOTA MOSQUERA VESTIARIO ADOLFO DOMÍNGUEZ DESEÑO DE IMAXE PAULINA FUNES

COPRODUCE CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO, AGADIC, XUNTA DE GALICIA APOIO EN XESTIÓN MANU

LAGO



A COMPAÑÍA

Colectivo Glovo nace no 2016 baixo a dirección de Esther Latorre (España) e Hugo Pereira (Portugal), xerando así un espazo de creación onde ambos, intérpretes e coreógrafos, desenvolven conxuntamente a súa faceta máis imaxinativa.

Residentes en Galicia, traballan na creación da escena tanto para teatros coma espazos non convencionais, xa que un dos seus principais obxectivos coma compañía é aumentar as dimensións do alcance das dinámicas do corpo.

Glovo admite a súa paixón pola linguaxe do movemento e persegue a investigación das novas expresións escénicas partindo do propio corpo sen límites establecidos.

Ademáis, e paralela a esta faceta creativa, a cía. busca aportar semente ao tecido artístico presente na comunidade xerando espazos de colaboración con outras agrupacións e artistas procurando o achegamento entre o maior número de creadores, intérpretes e mentes-corpo inxeadas, non só en Galicia senón cunha proxección internacional notable, facendo especial fincapé no interese pola eliminación da barreira cultural invisible entre Galicia e o norte de Portugal.

Formou parte do circuito **Red Acieloabierto**, do catálogo **Danza a Escena 2021**, **Danza a Escena 2023**, do catálogo de recomendación da **Comisión Asesora do Programa.cat 2023 de Cataluña** e presentou en ferias como **MAPAS Mercado Cultural** ou a **Feria Internacional de Teatro e Danza de Huesca**, entre outros.



PREMIOS

- **Premio GATADANS** 2023 no Festival DZM, Cáceres
- **Premio NOCHES DE PATRIMONIO** 2023 no Festival DZM, Cáceres
- **OFFICIAL PRIZE CORPO MOBILE WORKSHOP**, Premio ADT -Advance Dance Training, Verona, 2022
- **Premio Teatro Selvatico (Italia)** no Certame Coreográfico CORPO MOBILE, 2022
- **Premio The Loft Project (Italia)** no Certame Coreográfico CORPO MOBILE, 2022
- **1º PREMIO** Certame Internacional de Coreografía Burgos - NY, 2019
- **Mención especial** festival Corto in Danza, Italia, 2019
- **Mención especial** festival La Espiral Contemporánea Santander, 2019
- **Premio do público** no Certame Internacional de solos e dúos Sólodos En Danza Ourense, 2016

CONTRATACIÓN E CONTACTO



colectivo en danza
www.colectivoglovo.com

Hugo Pereira

Colectivo Glovo

colectivoglovo@gmail.com

(+34) 604002295 / 607581460